



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa  
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

## Modelo MD75PRO01

# Programación da materia optativa **CREANDO MÚSICA PARA AUDIOVISUAL** **CURSO 2024-25**





## Índice

---

<b>1. Introducción.....</b>	<b>3</b>
<b>2. Metodoloxía.....</b>	<b>6</b>
<b>3. Atención á diversidade.....</b>	<b>6</b>
<b>4. Temas transversais.....</b>	<b>7</b>
<b>5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....</b>	<b>9</b>
<b>6. Secuenciación do curso.....</b>	<b>9</b>
6.1.1 Obxectivos.....	9
6.1.2 Contidos.....	10
6.1.3 Avaliación.....	12
Criterios de avaliación:.....	12
Mínimos esixibles.....	12
Procedementos e ferramentas de avaliação.....	13
Criterios de cualificación.....	14
Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	14
6.1.4 Medidas de recuperación.....	15
Procedementos de recuperación ordinarios.....	15
Probas extraordinarias.....	15
6.1.5 Recursos didácticos.....	15
<b>7. Procedementos de avaliação e seguimento da programación didáctica.....</b>	<b>17</b>
<b>8. Procedementos para realizar a avaliação interna do departamento.....</b>	<b>17</b>
<b>9. ANEXOS.....</b>	<b>18</b>



## 1. Introducción

---

### ■ Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- ORDE do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.



- Características do centro

A cidade de Santiago de Compostela conta na actualidade no seu ámbito musical cunha orquestra sinfónica profesional, a Real Fiharmonía de Galicia, cun nivel moi alto e unha programación estable con sede no Auditorio de Galicia, unha sala de concertos que atrae actuacións de grande calidade ao longo do ano e que fai que a cidade conte cunha programación musical estable. Conta tamén coa Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela e outras agrupacións non profesionais como o Orfeón Terra Nosa, a Orquestra da USC, etc.

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela atópase situado ao norte da cidade e foi construído no ano 2004. É polo tanto un edificio de nova creación, arquitectonicamente moi vistoso e con moita luz, pero moi reducido para a demanda existente neste momento. Depende organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e nel impártense as materias de Grao Elemental e Profesional que están reguladas nos Decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos respectivos graos das ensinanzas de réxime especial de música.

- Características do alumnado

O alumnado desta materia, optativa no último curso de Grao Profesional, son principalmente mozos e mozas que están a piques de tomar as súas primeiras decisións importantes que marcarán a futura carreira musical. Polo tanto, as posibilidades de especialización que sexamos capaces de mostrarlles nestes últimos cursos van ser importantes á hora de tomar decisións.

Unha das saídas laborais dos músicos profesionais é a composición, execución e gravación de música para o audiovisual. É un dos sectores que ten experimentado un desenvolvemento máis destacado nos últimos anos, e non obstante, no noso país segue sen haber centros onde o alumnado se poida formar e onde os últimos avances e tendencias se poidan estudar e coñecer. Seguimos sen ter un centro superior onde se garantice unha formación recoñecida neste ámbito, pero é moi probable que esta carencia se deba solucionar, entre outros axentes, desde a base dos conservatorios profesionais, captando ás persoas que poidan estar interesadas, formando nas claves da linguaaxe audiovisual e creando espazos para os novos creadores.

É curioso que isto coincida cun panorama social e cultural no que a presencia e o peso do audiovisual é cada vez maior, no emprego que a mocidade fai das tecnoloxías da información e da comunicación, e no espectacular avance que os productos "multimedia" están tendo en tódolos ámbitos da creación artística e técnica. Por iso tamén asistimos nos últimos anos a unha eclosión das empresas e plataformas de creación audiovisual, algo que tamén se está a notar na nosa contorna local. Parece lóxico entón que o ámbito académico



se adapte a esta nova realidade e intente mellorar a formación dos futuros profesionais do sector.

É por isto que nace a idea de crear esta materia optativa, para cumprimentar este baleiro académico e dar un paso por achegarnos á realidade doutros países, onde xa se leva moitos anos traballando para facer da música para audiovisual unha saída máis, normalizada a nivel académico e laboral (algo que desgraciadamente aínda está lonxe da nosa realidade más próxima) e formar axeitadamente aos futuros profesionais.

Pero ademais, o CMUS Santiago leva varios anos colaborando co proxecto de alfabetización audiovisual Aturuxo Films, que dirixe Sergio Clavero, para integrarse nun proxecto educativo pioneiro e amplamente premiado, no que a creatividade e a autoaprendizaxe teñen un papel fundamental á hora de iniciar o alumnado no mundo do audiovisual. O recoñecemento chegounos cun bo numero de premios e proxeccións en festivais de todo o mundo e particularmente nos espazos que nos dedicaron os dous principais festivais da cidade: Cineuropa e Curtocircuito. Foi o éxito desta colaboración e a necesidade de dotala dunha organización curricular o que nos impulsa a continuar co materia optativa.

Por todo isto, a materia enfócase como unha actividade principalmente práctica con dúas partes ben diferenciadas. Por unha banda, o alumnado terá unha primeira toma de contacto coa linguaxe audiovisual, especialmente cos recursos que teñen que ver co son e a música: a súa sintaxe, metodoloxía, recursos, problemas e tendencias. Paralelamente proporcionarase un entrenamento inicial para usar as ferramentas básicas que nos permiten comezar a fase creativa: edición de audio, secuenciador, MIDI, bibliotecas de instrumentos, técnicas de gravación e microfonía. Finalmente, o alumnado deberá participar, e isto será unha parte fundamental da avaliación, dun traballo práctico, cun reparto de funcións para cada un dos participantes, que poderá integrar nos proxectos de Aturuxo Films ou nas diferentes propostas que o docente vai facendo ao longo do curso.

Por todo o exposto anteriormente, esta materia está dirixida a alumnado de sexto curso que teña como principal requisito un interese na materia e adicionalmente a aqueles que teñan xa feita algunha pequena composición, aínda que sexa de carácter totalmente amateur e teñan curiosidade por experimentar e avanzar algo máis neste campo. Non é imprescindible que teñan máis coñecementos previos que os que corresponden aos estudos de Grao Profesional no conservatorio. A materia CREANDO MÚSICA PARA AUDIOVISUAL adscríbese ao Departamento de Guitarra e vincúlase aos seguintes itinerarios:

**-Itinerario de Interpretación**

**-Itinerario de Composición**



**-Itinerario de Pedagoxía**

**-Itinerario de Musicoloxía**

## **2. Metodoloxía**

---

O proceso de aprendizaxe nesta materia está deseñado para que o alumnado adquira unha serie de coñecementos e habilidades baseándose na investigación e experimentación, tanto a nivel individual como nos pequenos grupos de traballo que se organizarán en función do número de matriculados e das aptitudes de cada un deles. Cada un deste grupos terá unha tarefa específica, e a secuenciación de todo o curso está orientada á elaboración dun traballo final, de carácter práctico e creativo. A ferramenta metodolóxica principal será entón a autoaprendizaxe, o ensaio-erro como fórmula para chegar a adquirir as habilidades necesarias.

O docente ten, en consecuencia, o papel de asesor en canto ás cuestións técnicas que se deben adquirir para a realización deste traballo. Ten tamén un papel como coordinador e supervisor dos diferentes grupos de traballo, a inspección sobre o ritmo e a responsabilidade de cada un dos elementos da cadea e a planificación do traballo trimestral. Finalmente tamén coordina a nivel intercentros co IES Cacheiras para elaborar de maneira conxunta os materiais audiovisuais que se van seleccionando entre as diferentes propostas e sincronizar o traballo realizado nos dous centros.

Esta forma de traballo deu excelentes resultados nos últimos anos e alén de permitir a creación de curtametraxes que foron amplamente premiadas en festivais nacionais e internacionais, mostrou que se poden descubrir habilidades e talentos que permanecían agochados por non ter un espazo axeitado no que desenvolverse.

## **3. Atención á diversidade**

---

Possiblemente, a principal medida de atención á diversidade xa foi descrita anteriormente e ten que ver con valorar as aptitudes, os coñecementos previos e os diferentes perfís do alumnado á hora de asignar o tipo de traballo que se vai realizar nesta materia. É por iso que as persoas que teñan máis interese na parte de composición das bandas sonoras traballarán principalmente neste campo, mentres que as persoas que busquen unha formación máis técnica sobre o procesamento de son serán as encargadas de especializarse nesta cuestión. Unha persoa con maiores coñecementos informáticos pode encargarse de axudar a solucionar as dúbihdas dos seus compañeiros. Os diferentes perfís do alumnado matriculado serán avaliados inicialmente polo docente a comezo de curso, xa que nas primeiras semanas se concentra a parte máis teórica da materia.



Ademais disto, en función da avaliación inicial e do seguimento semanal, realizaranse as accións que se consideren indicadas no caso de que se detecten necesidades especiais.

As medidas que se levarán a cabo para a atención á diversidade atópanse detalladas no Plan de atención á diversidade do centro, disponible na páxina súa páxina web: [conservatoriosantiago.gal/o-centro/documentos](http://conservatoriosantiago.gal/o-centro/documentos)

## 4. Temas transversais

---

### 4.1 Educación en valores

Os contidos transversais son esencialmente actitudinais, responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá de actualidade no ámbito social e que pola súa trascendencia demandan un tratamento educativo. Tomando como referencia o Decreto que establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establecéense os seguintes elementos transversais:

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúnhas das materias de cada etapa.
- Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores relacionados co principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que substentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual a homes e mulleres, ás persoas con discapacidade, o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, traballando activamente pola non discriminación de calquera condición ou identidade.
- Fomentarase a participación do alumnado en actividades que lles permitan desenvolver o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a



creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

- No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía en actuacións axeitadas que eviten os accidentes de tráfico e as súas consecuencias.

## **4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)**

Pola propia natureza da materia, as tecnoloxías da información e da comunicación xogan un papel fundamental. En primeiro lugar, como materia de estudo: cales son os elementos da comunicación audiovisual, cales son as regras de sintaxe e a gramática da lingua audiovisual. Tamén as diferencias de rexistro e os estilos.

Pero por outra banda, son a ferramentas que nos permiten introducirnos na creación de música para o audiovisual nas diferentes fases do proceso: composición, edición, montaxe e publicación. Como parte fundamental dos contidos da materia, as tecnoloxías da información e a comunicación serán tratadas con especial coidado para fomentar un uso racional, ético, crítico e adaptado ás necesidades reais e prácticar dos obxectivos que se pretenden acadar.

Por todo isto, e debido ás modificacións introducidas no curso 2018-19 nas Normas de Organización e Funcionamento con respecto á protección de datos do alumno debemos aclarar os seguintes puntos. No proxecto e a filosofía desta materia está previsto o uso na aula de ordenadores, equipos de proxección e reproducción de música, así como de aplicacións que son imprescindibles para a adquisición de determinadas capacidades técnicas. Tamén se prevé que se poida usar nalgún exercicio para a casa o teléfono móvil do propio alumno, no caso de telo. En ningún caso estará permitido o uso na clase. A comezos de curso seralle proporcionado ao alumnado (ou aos pais/titulares no caso de menores de idade) un formulario para autorizar o uso das seguintes aplicacións, que poderán ser de uso cotiá na materia:

- Youtube
- Spotify
- Musescore
- Finale
- Cubase



- Nuendo
- Fl Studio
- Audacity
- Navegadores de internet
- Reproductores de contenido multimedia

En todo caso, o uso destas ferramentas na aula nunca comprometerá os datos persoais do alumnado nin serán empregadas para un fin diferente ao establecido nesta programación didáctica. Para calquera dúbida, poden consultarse as Normas de Organización e Funcionamento.

## 5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

---

Enténdense como actividades complementarias aquelas que teñan que ver coa formación adicional da materia estudiada, pero tamén as presentacións, proxeccións e actos organizados para dar difusión aos traballos creados polo alumnado, do presente ou de anteriores cursos académicos, e que debido á situación sanitaria actual non sempre serán de carácter presencial.

## 6. Secuenciación do curso

---

### 6.1 Curso: 6º de Grao Profesional

#### 6.1.1 Obxectivos

1. Coñecer os fundamentos da música creada específicamente para a linguaxe audiovisual
2. Recoñecer e interpretar os elementos da sintaxe da linguaxe audiovisual, e especialmente os que teñen que ver coa música como recurso
3. Facer un achegamento inicial ás ferramentas e ás tecnoloxías da información e a comunicación que se empregan no sector audiovisual
4. Favorecer a autonomía do alumnado para aprender ou aplicar os coñecementos adquiridos



5. Poñer en práctica os coñecementos e habilidades adquiridos noutras materias do Grao Profesional

6. Fomentar a creatividade e a autoaprendizaxe como camiño para coñecer as claves da interacción entre a música e a imaxe

7. Crear espazos de creatividade onde se poidan desenvolver as habilidades como intérpretes, compositores/as ou editores/as.

8. Fomentar o valor transversal do traballo práctico e creativo como espazo para aplicar os coñecementos adquiridos nas diferentes materias cursadas no conservatorio

9. Aprender a traballar en equipo nun contexto en que se adxudican as funcións de cada un dos asistentes, e adquirir responsabilidade sobre as obrigas contraídas co grupo

### **6.1.2 Contidos**

#### 1. A linguaxe audiovisual

1.1. Conceptos básicos.

1.2. A imaxe como linguaxe

1.3. A música como recurso

1.4. Análise de fragmentos de obras audiovisuais

#### 2. O son como elemento físico

2.1. A onda sonora. Frecuencia, amplitud, lonxitude de onda.

2.2. Onda simple e onda complexa.

2.3. Harmónicos. Transformación de Fourier

2.4. Reverberación e resonancia.

2.5. Edición de son

2.6. Deseño de son para audiovisual

#### 3. O son artificial: sintetizadores e MIDI

3.1. Funcionamento dun sintetizador.

3.2. A linguaxe MIDI: controladores.

3.3. Edición MIDI

3.4. Os instrumentos virtuais.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

4. Gravación de son

- 4.1. A captación das ondas sonoras.
- 4.2. O concepto analóxico / dixital
- 4.3. Técnicas de microfonía.
- 4.4. A gravación dixital.

5. Pequena historia das bandas sonoras

- 5.1. Pioneiros do cinema.
- 5.2. O cinema sonoro.
- 5.3. As décadas centrais do século XX.
- 5.4. Décadas finais do XX e comezos do XXI

6. Música e imaxe: o proceso

- 6.1. Reparto de tarefas
- 6.2. Identificación de liñas temáticas.
- 6.3. Proposta inicial de liñas de traballo.
- 6.4. Realización dun traballo práctico.



### 6.1.3 Avaliación

#### Criterios de avaliação:

-A nivel individual:

O traballo individual avaliarase en función do seguimento semanal no caderno de aula que o docente fai de cada alumno ou alumna en función do trabalho planificado, a asistencia, a atención e interese, o comportamento e o aproveitamento das sesións.

- Traballo en equipo:

Os grupos de traballo terán que repartir de forma coordinada unha serie de tarefas que serán obxecto de avaliação segundo o calendario do CMUS Santiago. Estas tarefas consistirán na preparación e elaboración dos diferentes materiais que son necesarios para a creación dun traballo práctico final.

#### Mínimos esixibles

Os contidos mínimos que o/a alumno/a debe adquirir ou realizar para poder superar a materia pola vía da avaliação continua son os seguintes:

1º Trimestre	A linguaxe audiovisual O son como elemento físico O son artificial
2º Trimestre	Conceptos básicos sobre gravación de son Conceptos básicos sobre música e imaxe Realización do traballo individual asignado
3º Trimestre	Realización das tarefas asignadas no grupo de traballo



## Procedementos e ferramentas de avaliación

Os procedementos ordinarios para a avaliación teñen que ver principalmente coa organización do traballo nas diferentes sesións. Xa que a materia ten un carácter fortemente práctico, a principal ferramenta para a avaliación é o rexistro das actividades e exercicios, tanto invididuais como en grupo que o profesor propón semanalmente. Isto inclúe lecturas de artigos técnicos ou históricos, elaboración de pequenas creacións ou todos aqueles exercicios que se consideren necesarios para familiarizarse coas ferramentas informáticas que son necesarias para a consecución do traballo final. Só se considerarán como realizados aqueles exercicios que foron **entregados** (en soporte informático) e **corrixidos** (no caso de que o docente indique algúun aspecto a corrixir).

Por outra banda, estas ferramentas poderán completarse cun exercicio de control trimestral no que o alumnado terá que poñer en práctica os coñecementos adquiridos durante ese trimestre, e que servirá como repaso do aprendido.

Ademais, na primeira sesión do curso realizarase unha **avaliación inicial** mediante cuestionario, que será reflectida no caderno de seguimento polo docente e que permitirá medir os coñecementos e habilidades previas, o nivel de heteroxeneidade do grupo e os aspectos a reforzar.

O procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o docente da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar de xeito continuo por causa das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocar o interesado/a para unha proba de carácter teórico ou práctico na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. O alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, como mínimo. Será o criterio do docente o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado segundo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá en preguntas teóricas sobre os temas tratados no período a examinar ou exercicios prácticos semellantes ao realizados nas clases. Para o terceiro trimestre, xa que o sistema de avaliación continua prevé únicamente o traballo en grupos, o interesado ou interesada deberá facer un exame escritos dos 5 temas teóricos que lle son proporcionados ao comezo de curso. A cualificación desta proba será a **única** que se terá en conta para esa avaliación.

No caso dun exame escrito, este será o único criterio de cualificación, valorado de 1 a 10 puntos. A non asistencia á proba será cualificada como 1.

No caso de proba práctica, realizaranse unha serie de exercicios por escrito pensados para unha sesión de 45 minutos de duración e sobre as ferramentas empregadas nas clases. Os criterios de cualificación serán:



- Comprensión dos conceptos teóricos: 25%
- Comprensión da súa aplicación na linguaxe audiovisual: 25%
- Corrección, claridade e exactitude na exposición: 25%
- Dominio das ferramentas empregadas: 25%

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor da materia na sesión de avaliación correspondente.

## Criterios de cualificación

Os criterios segundo o sistema da avaliación continua son os seguintes:

Derivados do traballo en grupo:

- (ME) Cumprir os obxectivos marcados dentro do grupo de traballo: 20 %
- Demostrar interese e adaptación ao traballo en equipo: 20%

Derivados do traballo individual:

- (ME) Cumprir os obxectivos de traballo marcados semanalmente polo profesor/a: 20 %
- (ME) Realizar axeitadamente os exercicios de control trimestral: 20 %
- Asistir regularmente ás aulas e manter unha actitude correcta: 20 %

ME: Mínimo Esixible

A cualificación final do curso resultará de aplicar a media das cualificacións de cada un dos trimestres.

## Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Ao ser unha materia optativa de 6º curso de Grao Profesional, non existe a figura da ampliación de matrícula.



## 6.1.4 Medidas de recuperación

### Procedementos de recuperación ordinarios

- O profesor proporá, de maneira individualizada, as actividades, exercicios e plan de traballo que estime oportunos para a recuperación da materia pendente.
- O profesor poderá reorganizar os grupos de traballo e a asignación de tarefas para facilitar a recuperación daquelas partes da materia que quedan pendentes.
- Cómpre ter presente que para a superación da materia pola vía da avaliación continua, terase en conta tanto o traballo individual como o traballo colectivo (coa correspondente asignación de tarefas).

### Probas extraordinarias

No caso de alumnado que non supere a materia polos procedementos da avaliación continua, realizarase un exame escrito sobre os contidos teóricos, segundo o calendario de exames fixado polo centro para os exames finais e a convocatoria extraordinaria. Os contidos e obxectivos da materia para este exame son os que establece a presente programación. Polo que se refire aos criterios de cualificación, só haberá un único criterio de avaliación, que suporá o 100% da nota obtida, que é o exame escrito.

## 6.1.5 Recursos didácticos

Non existe un único manual polo que se poida preparar a totalidade da materia. Existen uns apuntamentos sobre a mesma elaborados polo docente que se reparten a comezos de curso a todo o alumnado matriculado e que estarán dispoñibles na conserxería do centro. Este é o material **máis axeitado** para preparar a materia. Aínda así, para quen queira profundizar faise a continuación unha escolma da **bibliografía recomendada** para cada un dos temas teóricos tratados, sen prexuízo de que existe un inxente material que pode ser tan válido como este:

- Tema 1: A lingua audiovisual

-Canet, Fernando: *Narrativa audiovisual. Estrategias y recursos*. Síntesis, Madrid, 2009.



- Tema 2: O son como elemento físico

- Miyara, Federico: *Acústica y sistemas de sonido*. UNR Editora, Rosario, 2006.

- Tema 3: O son artificial: sintetizadores e MIDI

- White, Paul: *Basic MIDI (Music Technology Series)*. Music Sales America, Los Angeles, 2006.

- Tema 4: Gravación de son

- Miles Huber, David et alii: *Modern Recording Techniques*. Focal Press, Oxford, 2010.

Para a parte práctica da materia, é indispensable que se saibam usar as funcións básicas de calquera secuenciador musical ou multimedia do mercado que teña as seguintes funcións:

- Secuenciación de archivos de audio e vídeo
- Edición de son
- Edición MIDI
- Instrumentos virtuais
- Motor de vídeo

Existen numeroso material e titoriais sobre o emprego destes programas, pero cada un orientado ás especificidades do mesmo. Como non é obligatorio o uso dun ou doutro nesta materia, non é posible nin necesario facer aquí unha selección nin recomendacións sobre o mesmo.



## 7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

---

Os procedementos principais para o seguimento da presente programación son os seguintes:

- Reunión de departamento: co punto específico para seguimento da programación
- Caderno de aula: onde se van anotando todas as incidencias, traballos realizados e pendentes, faltas de asistencia e aproveitamento das aulas
- Probas trimestrais con exercicios prácticos que servirán de material available máis obxectivo e formal.

## 8. Procedementos para realizar a avaliação interna do departamento

---

Os procedementos para a avaliação interna desta materia son os seguintes:

- A enquisa sobre satisfacción do alumnado que redacta e organiza o centro
- Enquisas propias da materia para repartir entre o alumnado para detectar deficiencias, erros ou aspectos a corrixir
- Calquera procedemento que determine a inspección educativa para o seguimento no curso 2024-25.



## 9. ANEXOS

---

### 9.1 Probas de acceso

Ao ser unha materia optativa de 6º curso de Grao Profesional, non se pode dar o caso de que sea obxecto de exame nunhas probas de acceso.

### 9.2 Criterios para a obtención do premio Fin de Grao

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e Premio de Fin de Grao para as ensinanzas de música e danza, este premio concederase ao alumnado que cumpla os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

Os criterios valorativos para a obtención do Premio Fin de Grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagógica do centro son comúns para todas as especialidades e pódense consultar no centro ou na páxina web.

**Curso 2024-25**

**Conservatorio Profesional de Música Santiago de Compostela**